



Área / Unidad APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 SVC	Documento 23712I00MW	
Código de verificación  4L48 5W14 556V 0W10 0WQF	Expediente 237/2018/110	
	Fecha 06-06-2018	

Asunto
Bases II Concurso de Fotografía "VisibilizaT"
2018

Bases reguladoras da participación na II edición do Concurso de Fotografía en torno á celebración do Orgullo LGTBQI do Concello de A Coruña, "VisibilizaT" 2018.
(Aprobadas por Resolución da concelleira de Igualdade e Diversidade de data 06/06/2017)

*"O orgullo ten moitas cores, e a min gústame dicir que levo connigo dúas letras, o T e o B.
As dúas son invisibles ás veces ou incrivelmente explícitas.
Os corpos trans non existen porque non os deixamos existir e eu teño un conflito aberto con esta sociedade que non nos deixa ser"*

Martín Iglesias Taboada, gañador do primeiro premio da I Edición do concurso

A Concellaría de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña convoca a II edición do Concurso de Fotografía "VisibilizaT", como parte do conxunto de accións postas en marcha co obxectivo de reivindicar a igualdade das persoas LGTBQI, traballando pola súa visibilización e apoiando as súas reivindicacións. Con este obxectivo, este concurso busca trasladar ás redes sociais ese traballo pola visibilización da diversidade afectiva sexual, pola creación de referentes lonxe dos estereotipos en torno ás persoas LGTBQI, e pola presentación de corpos e expresións diversos, facendo especial fincapé este ano, na visibilización da realidade das persoas trans, nun sentido amplo. Por outro lado, o concurso busca a implicación activa da veciñanza da cidade, fomentando a súa creatividade, como complemento a outras actividades programadas, cun carácter máis de sensibilización ou información.

O concurso desenvolverase de acordo ás seguintes bases:

1.- QUEN PODE PARTICIPAR?

- 1.1 Poderán participar neste concurso todas as persoas maiores de 14 anos residentes no Concello da Coruña.
- 1.2 As persoas participantes no concurso deberán ser as únicas titulares dos dereitos de autoría das fotografías presentadas e feitas legalmente.
- 1.3 A participación neste concurso suporá a aceptación por parte das persoas participantes das presentes bases, así como o compromiso de cumprimento das mesmas.

2.- CAL É A TEMÁTICA?



A temática do II Concurso de Fotografía “VisibilizaT” 2018 é ampla. O convite lanzado dende a Concellaría de Igualdade e Diversidade é que as fotografías presentadas teñan relación coas diferentes realidades e vivencias en torno ao Orgullo LGTBQI, á diversidade de corpos, identidades e expresións.

3.- QUE TIPO DE FOTOGRAFÍAS PODEN PRESENTARSE?

- 3.1 As fotografías presentadas deberán ser tomadas pola persoa participante, **orixinais e inéditas**; serán presentadas a título individual, e non será posible presentar fotografías premiadas noutros concursos.
- 3.2 Cada persoa participante poderá presentar, **como máximo**, 3 fotografías, mais soamente poderá optar a gañar un dos premios.

4.- COMO PARTICIPAR?

- 4.1 A participación neste concurso é gratuita e non é preciso ningún rexistro. O único a ter en conta é que as persoas participantes deberán ter un **perfil en Instagram coa configuración de privacidade en “Público”**. Deste xeito as súas publicacións sexan visibles pola Concellaría de Igualdade e Diversidade, así como polas persoas que formarán parte do xurado.

NOTA: Instagram non patrocina, apoia ou administra de ningunha forma este concurso, nin está asociado ao mesmo.

- 4.2 O período de participación no concurso comezará **coa publicación destas bases na páxina web da Concellaría de Igualdade e Diversidade o mércores 6 de xuño de 2018, e rematará o luns, día 2 de xullo de 2018, ás 23:59h**. Calquera imaxe publicada antes ou despois destas datas non será considerada para a participación neste concurso.
- 4.3 Para entrar no proceso de selección, as persoas que desexen participar deberán publicar as súas fotografías dende o seu perfil de Instagram, **incorporando o hashtag #VisibilizaT**
- 4.4 As fotografías poderán ter correccións de cor ou flitros, pero **non deberán estar manipuladas dixitalmente en termos de contido ou contexto**.
- 4.5 Como se especificara no punto 2, o tema do concurso xira en torno ás diferentes realidades e vivencias no marco do Orgullo LGTBQI. Por tratarse dunha cuestión que promove valores de respecto e recoñecemento e visibiliza realidades diversas, **valoraranse positivamente aquelas fotografías que se presenten acompañadas dun título ou unha breve explicación por parte da persoa participante**.
- 4.6 A Concellaría de Igualdade e Diversidade reservarase o dereito de excluír do proceso aquelas fotografías que entren en conflito cos valores promovidos por este concurso, e que conteñan



contidos LGBTQIfóbicos, sexistas, racistas, ou que vulneren calquera outro dos dereitos fundamentais das persoas.

5.- CALES SON OS PREMIOS?

5.1 Establécense os seguintes premios. De entre todas as fotografías presentadas, serán escollidas tres, que recibirán:

- Primeiro premio: Vale por valor de 300€ a trocar en calquera das librarías colaboradoras coa Concellaría de Igualdade e Diversidade no Orgullo 2018, e un diploma.
- Segundo premio: Vale por un valor de 200€ a trocar en calquera das librarías colaboradoras coa Concellaría de Igualdade e Diversidade no Orgullo 2018, e un diploma.
- Terceiro premio: Vale por un valor de 100€ a trocar en calquera das librarías colaboradoras coa Concellaría de Igualdade e Diversidade no Orgullo 2018, e un diploma.

5.2 As persoas premiadas terán un mes de prazo límite para trocar os seus premios na librería da súa elección.

6.- COMO SERÁ A SELECCIÓN?

6.1 O xurado desta edición do concurso estará formado por unha diversidade de persoas, organizadas en dúas roldas:

- Nunha primeira fase, serán os colectivos e entidades LGBTQI colaboradores na organización do programa de actividades do Orgullo LGTBQI 2018 do Concello de A Coruña, xunto co persoal técnico do Espazo das Diversidades Sexuais e Identidade de Xénero, que, baixo a presidencia da concelleira de Igualdade e Diversidade ou persoa en quen delegue, serán as encargadas de seleccionar as fotografías máis axeitadas á temática do concurso: a expresión da diversidade afectiva sexual en todas as súas formas e a representación da vivencia do orgullo na nosa cidade.
- A secretaría do xurado será exercida por unha funcionaria da Concellaría de Igualdade e Diversidade.
- A partir desta primeira selección, e nunha segunda fase, un grupo formado por persoas profesionais ou expertas do ámbito da fotografía, a prensa ou a comunicación seleccionarán as imaxes gañadoras atendendo a criterios de creatividade, a orixinalidade da proposta e a súa calidade fotográfica.
- As diferentes persoas integrantes do xurado serán designadas pola concelleira de Igualdade e Diversidade.

6.2 Corresponde á presidencia do xurado dirixir e ordenar as deliberacións e votacións. A funcionaria que exerza as funcións de secretaría velará polo cumprimento destas Bases. As deliberacións do xurado serán secretas e a súa decisión inapelable.

6.3 Unha vez asinada por todas as persoas integrantes do xurado a acta co seu fallo, informarase ás persoas gañadoras mediante un comentario na fotografía seleccionada ou a través dunha



mensaxe directa a través de Instagram. Nesta comunicación se solicitarán os seus datos persoais para a continuación proceder a publicación dos nomes das persoas gañadoras na páxina web e nas redes sociais da Concellaría de Igualdade e Diversidade. Para o caso daquelas persoas participantes menores de idade, para proceder á publicación dos datos persoais será necesario aportar o ANEXO I destas bases, debidamente asinado pola nai, pai, ou persoa que exerza a garda legal da persoa menor de idade, nas oficinas do Espazo das Diversidades Sexuais e Identidade de Xénero (Centro Cívico Cidade Vella, rúa Veeduría, nº 2, A Coruña)

6.4 Se transcorrido un prazo de tempo dun mes tras esta primeira comunicación coas persoas gañadoras, non se recibe resposta algunha pola súa parte, o premio correspondente será asignado á seguinte persoa finalista, constando no expediente os intentos realizados.

7.- DIFUSIÓN DAS FOTOGRAFÍAS PARTICIPANTES

7.1 Ao publicar as súas fotografías en Instagram xunto co hashtag **#VisibilizaT**, as persoas participantes aceptan que a Concellaría de Igualdade e Diversidade poida difundilas a través das súas ferramentas de comunicación habituais, páxina web e redes sociais.

7.2 As persoas participantes serán convidadas a asinar unha licenza “Creative Commons”, que permitirá ao Concello da Coruña poder empregar as súas fotografías. Por suposto, as persoas participantes manterán o dereito de empregar as súas imaxes para calquera outro propósito que desexen, e o Concello da Coruña manterá o dereito de uso. Para máis información sobre este tipo de licenzas, visita [Creative Commons](#).

8.- AUTORÍA E PROPIEDAD INTELECTUAL

8.1 As persoas participantes, no momento de presentar as súas fotografías a este concurso, aseguran que son as lexítimas autoras das mesmas, e que ostentan todos os dereitos de propiedade intelectual requiridos para a súa presentación, sobre todos os elementos que as compoñen, así como que a súa presentación non vulnera dereitos de terceiras persoas.

8.2 As persoas participantes garanten e son responsables de ter obtido os permisos necesarios de calquera outra persoa que apareza en ditas imaxes, de acordo coa lexislación de aplicación en cada caso.

8.3 As persoas participantes faranse responsables das reclamacións que puideran formularse en calquera momento sobre a autoría e orixinalidade dos traballos e sobre a titularidade de dereitos e cuestións anexas, todo elo de acordo coa normativa de propiedade intelectual. O Concello da Coruña non se fai responsable dos prexuízos que puidera ocasionar o incumprimento desta garantía, e poderá exercitar as accións legais oportunas coa fin de reparar os danos e prexuízos ocasionados.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

9.1 Os datos persoais solicitados en conformidade coas bases do concurso serán unicamente empregados para a comunicación coas persoas premiadas, non cedendo ou comunicando o



Concello da Coruña estes datos a terceiras persoas. En calquera caso, os datos das persoas premiadas serán publicados na web da Concellaría de Igualdade e Diversidade, así como nas redes sociais da Concellaría.

10.- PUBLICIDADE

10.1 As presentes bases, unha vez aprobadas, así como a acta do xurado cos nomes das persoas e traballos gañadores serán publicadas na web da Concellaría de Igualdade e Diversidade, sen prexuízo da súa difusión a través das redes sociais e medios de comunicación locais.

11. LIBRARÍAS COLABORADORAS

11.1 A continuación, presentamos o listado das librarías colaboradoras coa II edición do Concurso de Fotografía en torno á celebración do Orgullo LGTBQI do Concello de A Coruña, “VisibilizaT” 2018:

- Librería Cascanueces & Editorial Bululú (Rúa Orzán, 14, 15003 A Coruña)
- Librería Xiada (Avenida Finisterre, 76, 15004 A Coruña)
- Espazo Lector Nobel A Coruña (Rúa Padre Feijoo, 1, 15010 A Coruña)
- Librería Berbiriana (Rúa Santiago, 7, 15001 A Coruña)



ANEXO I
AUTORIZACIÓN MENORES DE EDADE

(A CUBRIR POLA NAI, PAI, OU PERSOA QUE EXERZA A GARDA LEGAL DE MENORES DE 18 AÑOS)

D./Da _____ , co DNI/pasaporte en vigor número _____, na miña condición de nai/pai/titora/titor, e pola presente, AUTORIZO á _____ a participar no **II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "VISIBILIZAT" 2018**, organizado pola Concellaría de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña.

En _____ a _____ de _____ de 2018.

Sinatura